BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Deputación Pontevedra
Venres, 29 de xullo de 2016 Nº 144

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## PONTEVEDRA

### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APROBACIÓN INICIAL DA MEMORIA XUSTIFICATIVA E INICIO DO EXPEDIENTE DE DISOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD)*

*Expediente:* Memoria xustificativa e inicio de expediente de disolución e extinción do organismo autónomo municipal Instituto Municipal de Deportes (IMD).

*Trámite:* Anuncio de aprobación inicial.

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 18.07.2016, prestou aprobación inicial á memoria xustificativa e inicio de expediente de disolución e extinción do organismo autónomo municipal Instituto Municipal de Deportes (IMD) deste Concello.

De conformidade con dito acordo plenario, sométese o expediente a exposición pública para que por quen se consideren interesados podan presentarse as alegacións ou suxestións que se entendan oportunas.

A estes efectos publicarase anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, sendo o prazo para exame do expediente e presentación de alegacións de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da presente publicación.

Así mesmo, publicarase o devandito anuncio na sede electrónica do Concello (sede.pontevedra.gal).

Pontevedra, 21.07.2016.—O Secretario Xeral do Pleno por substitución, José Carlos Castiñeira Piñeiro.

Código seguro de verificación: 4A1PGL5EUIQGZ2N8